



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 794 Semana do 13 ao 19 de agosto de 2018

A SUBA DE SALARIOS DO IV AENC TERÁ UN DOBRE IMPACTO POSITIVO, MELLORARÁ TANTO A COHESIÓN INDIVIDUAL COMO A TERRITORIAL**O AUMENTO DO SALARIO MÍNIMO DE CONVENIO A 1.000 EUROS BENEFICIARÍA A 143.000 TRABALLADORES GALEGOS A XORNADA COMPLETA***Galicia é unha das sete comunidades autónomas que teñen unha porcentaxe maior de traballadores con salarios inferiores aos 1.000 euros do que se derivaría polo seu peso sobre o total de persoas asalariadas no conxunto nacional*

Redacción.- UGT-Galicia ven de realizar unha análise do impacto que terá o IV AENC en materia salarial en Galicia, sobre todo, no relativo á implementación do salario mínimo de convenio a 1.000 euros (14.000 euros ao ano) en 2020. Unha medida que xa é sabido que beneficiará ás comunidades con menor nivel de renda, entre as que se atopa a galega.

Segundo a explotación de salarios no emprego principal da EPA, hai en Galicia 143.000 persoas asalariadas a tempo completo nos deciles 1, 2 e 3, é dicir, aqueles que teñen un salario inferior aos 1.000 euros. Isto sobre un total de asalariados a tempo completo de 697.100 persoas.

O 20,5% dos traballadores galegos a xornada completa perciben un salario mensual inferior aos 1.000 euros brutos

É dicir, o 20,5% dos traballadores galegos a xornada completa perciben un salario mensual inferior aos 1.000 euros brutos. Só hai catro comunidades autónomas, Murcia, Extremadura, Canarias e Andalucía, cunha porcentaxe de traballadores por debaixo dos 1.000 euros sobre o total superior

ao indicador galego.

De feito, Galicia forma parte do grupo das sete comunidades autónomas (Andalucía, Murcia, Canarias, Extremadura, Galicia, Comunidade Valenciana e Castela-A Mancha) con sobrerrepresentación no nú-

mero de traballadores con baixos salarios. Todas estas comunidades posúen unha porcentaxe maior de traballadores con salarios inferiores a 1.000 euros do que se derivaría polo seu peso sobre o total de persoas asalariadas no conxunto nacional.

	Asalariados totais a tempo completo		Asalariados a t. completo nos deciles 1, 2 e 3 (salario inferior 1.000 euros)		Diferencia das porcentaxes
	Miles de persoas	Porcentaxe	Miles de persoas	Porcentaxe	
Total Nacional	12.736,7	100,0	2.355,0	100,0	0,0
Andalucía	1.896,0	14,9	489,7	20,8	5,9
Aragón	386,9	3,0	64,7	2,7	-0,3
Asturias	263,6	2,1	38,4	1,6	-0,4
Baleares, Illas	349,0	2,7	47,9	2,0	-0,7
Canarias	596,1	4,7	159,1	6,8	2,1
Cantabria	156,6	1,2	27,0	1,1	-0,1
Castela e León	625,1	4,9	111,6	4,7	-0,2
Castefía - A Mancha	526,1	4,1	101,8	4,3	0,2
Cataluña	2.235,5	17,6	328,3	13,9	-3,6
Comunidade Valenciana	1.277,4	10,0	246,9	10,5	0,5
Extremadura	235,0	1,8	63,9	2,7	0,9
Galicia	697,1	5,5	143,0	6,1	0,6
Madrid	2.160,7	17,0	315,9	13,4	-3,6
Murcia	386,0	3,0	123,2	5,2	2,2
Navarra	181,2	1,4	18,1	0,8	-0,7
Euzkadí	629,5	4,9	55,3	2,3	-2,6
Rioxa, A	96,2	0,8	17,0	0,7	-0,0

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

Tomando os asalariados totais a xornada completa, Galicia ocupa o 5,5% do mesmo sobre o total do Estado pero integra ao 6,1% do total dos asalariados con salarios inferiores a 1.000 euros brutos. É dicir, que posúe unha sobreponderación en materia de baixos salarios e sitúase entre as sete comunidades con maior diferenza.

Os niveis de renda por habitante en cada territorio dependen do resultado da actividade económica nos mesmos, da súa maior ou menor xeración de valor engadido, o que, ademais, vai unido á calidade do emprego que se xera. Por iso, a maior PIB per cápita, maiores niveis salariais, en termos xerais.

Así, en Galicia o salario medio dos traballadores (supostas 14 pagas) é de 1.532 euros. Esta Comunidade está na táboa das 18 comunidades por abaixo da metade, no

posto 12º. En relación ao PIB per cápita, este é de 22.497 euros por persoa, de novo, por abaixo da metade, neste caso no posto 11º. O que afecta á capacidade global de consumo e, por tanto, achega menos crecemento do seu PIB.

Por isto, o aumento dos salarios nestes territorios menos desenvolvidos e con niveis salariais relativamente máis reducidos, como é o caso de Galicia, ten un dobre efecto positivo: primeiro, reduce as diferenzas de capacidade de compra e de calidade de vida entre a poboación de diferentes zonas, aumentando a cohesión territorial; e, segundo, sirve para impulsar o crecemento naquelas comunidades con tecido industrial máis fráxil e con menores niveis retributivos, ao axudar ao mantemento do consumo das familias.

Resumindo e concluindo, o aumento de 14.000 euros do salario mínimo de convenio anual beneficiaría potencialmente a

143.000 traballadores a xornada completa en Galicia, o que supón o 20,5% do total das persoas asalariadas nesta Comunidade.

Hai que destacar que este acordo beneficia especialmente aos traballadores que desempeñan postos peor pagados, que son os máis precarios e os que máis sufriron a desvalorización salarial dende o 2009.

Por elo, axudará a reducir as bolsas de pobreza que a crise e as erróneas políticas aplicadas xeraron na clase traballadora e a diminuír as desigualdades interpersoais, entre os que menos gañan e os que perciben os salarios máis elevados nas empresas.

Ademais, este aumento terá máis incidencia relativa sobre as comunidades autónomas que concentran en maior medida aos asalariados con menores salarios, como é o caso de Galicia.

A TEMPORALIDADE ENTRE AS PERSOAS MÁIS MOZAS XA É DO 51% E MÁIS DO 21,1% SOPORTAN CONTRATOS A TEMPO PARCIAL. A BRECHA SALARIAL ACADA O 22% FROITO DA PRECARIIDADE E PARCIALIDADE

A MELLORA DA SITUACIÓN ECONÓMICA TAMPOUCO ESTÁ CHEGANDO AOS MÁIS MOZOS E MOZAS QUE SOFREN MÁIS DESEMPREGO, MÁIS TEMPORALIDADE E MENORES SALARIOS

Redacción.- As mozas e os mozos galegos, a pesar do seu bo nivel formativo, soportan taxas de paro superiores ao resto da poboación, fortísimas perdas de poboación activa polo efecto desánimo, altas taxas de parcialidade e temporalidade e salarios moito máis baixos. Isto conduce a unha situación de vulnerabilidade que urxe corrixir co fin de consolidar un mercado laboral máis xusto para todos, áxil e eficiente. Sobre todo, nun contexto de crecemento económico, é necesario que este chegue a todos, incluídas as persoas máis mozas que, finalmente, son o futuro do país e as que marcarán o rumbo do mercado laboral de cara aos vindeiros anos.

Estas son as principais conclusións do informe realizado pola Secretaría de Igualdade, Xuventude e Movements Sociais de UGT-Galicia sobre o mercado laboral das persoas máis mozas en Galicia, con motivo da celebración mañá, día 12 de agosto, do Día internacional da xuventude.

Baixa o paro en 10.400 mozos e mozas pero baixa a poboación activa en 13.500 menores de 35 anos

Entrando de cheo no informe, que está elaborado en base aos datos da EPA do segundo trimestre de 2018, en comparación co mesmo período do ano 2017, constá-



tase unha diminución do desemprego entre as persoas máis mozas (menores de 35 anos) en 10.400 persoas no último ano, aínda que este dato, que nun principio debería ser positivo, queda matizado pola alarmante perda de poboación activa neste mesmo período e nesta mesma franxa de idade, en 13.500 persoas menos.

Así, unha parte moi significativa da baixada do desemprego entre as persoas máis mozas débese á forte caída da poboación activa, de máis de 13.000 persoas.

A taxa de paro xuvenil é do 19,1%, 5,1 puntos superior ao resto de idades

O informe arroxa unha realidade certamente preocupante cunha taxa de paro xuvenil en Galicia do 19,1%, 5,1 puntos superior ao do resto da poboación, e unha taxa de actividade que se contrae nun punto e tres décimas no último ano, pasando do 63,5 por cento no 2017 ao 62,2 por cento actual.

Continúa na páxina seguinte...

...vén da paxina anterior.

Esta perda de actividade entre a mocidade está relacionada, non só co envellecemento da poboación, senón tamén co efecto desánimo das mozas e dos mozos galegos que, vendo poucas perspectivas de emprego, deciden continuar formándose retomando os seus estudos ou optar pola emigración cara outros contextos con maiores oportunidades.

Dende UGT-Galicia insístease en que esta realidade, a relación que existe entre a baixada do desemprego e a perda de de poboación activa, é obviada sistematicamente polo Goberno galego cando publicita os datos mes a mes o desemprego en Galicia.

Ademais, aínda que o desemprego diminúa, non se pode esquecer a lacra do paro de longa duración, é dicir, aquelas persoas que levan máis dun ano no paro. En Galicia o 30,6% das persoas desempregadas menores de 35 anos xa están nesta situación.

O 22,2% das persoas desempregadas menores de 30 anos teñen educación superior

Preocupa un dato que arrojan as estatísticas. O 22,2% por cento das persoas desempregadas menores de 30 anos no Estado teñen educación superior (non existen datos a nivel de Galicia). Era coñecido que a menor nivel formativo as dificultades para acceder ao mercado laboral tamén eran maiores, de feito esta taxa aumenta ata o 48% no caso daqueles que teñen, como moito, a primeira etapa de educación secundaria ou similar.

Por sectores, o 73,6% dos e das menores de 35 anos atópanse no sector servizos, caracterizado por unha maior precariedade.

Outro dato que subliña o estudo é que o 84,4% das mozas e dos mozos galegos están afiliados ao réxime xeral e o 12,4% ao de autónomos. Neste último caso, conséntase unha baixada de 1.784 persoas menores de 35 anos nun ano, a pesar de que unha gran parte dos incentivos, axudas e subvencións das administracións van dirixidas ao fomento deste tipo de emprego. Para UGT-Galicia, é evidente que basear as políticas activas de emprego nestes termos non é garantía de dinamización do mercado laboral.

O 21,1% das persoas menores de 35 anos teñen contrato a tempo parcial. esta taxa dispárase aos 33,6 puntos entre as persoas menores de 25 anos

Unha análise da contratación das mozas e dos mozos galegos evidencia que o 21,1% dos menores de 35 anos teñen contratos a tempo parcial, fronte ao 13,8% do conxunto de idades e o 56,2% deles din que teñen este tipo de contrato porque non foron capaces de atopar un traballo a xornada completa (este último dato do Estado porque non existe a nivel de Galicia).

É evidente que a parcialidade leva consigo máis precariedade, xa que supón menos xornada e, polo tanto salario, sobre todo cando esta é involuntaria.

Para UGT-Galicia, a temporalidade é un desequilibrio básico do mercado de traballo, xa que a maioría da xuventude, para acceder ao emprego, o fai por medio da contratación temporal, sendo alarante que isto estea asumido pola sociedade como algo normal.

Ante este problema, que xa é estrutural, as administracións dedicáronse a desenvolver políticas baseadas en incentivar a contratación de carácter indefinido, con axudas á contratación totalmente ineficaces.

A taxa de temporalidade entre as persoas máis mozas xa é de case 51 puntos, fronte ao 26,8% do conxunto de idades

Os menores de 35 anos teñen unha taxa de temporalidade en Galicia do 50,9% por cento, fronte ao 26,8% por cento que se rexistra no conxunto de idades.

O 35,6% das persoas menores de 30 anos teñen un contrato cunha duración inferior a seis meses

A duración dos contratos é outra das grandes lacras do mercado laboral xuvenil. O 35,6% das persoas menores de 30 anos (dato estatal, non existe en Galicia) teñen un contrato cunha duración inferior a seis meses e un 40% descoñece a duración da súa contratación. Isto amosa unha gran vulnerabilidade para este colectivo.

Tamén se constata que a xuventude realiza un maior número de horas extraordinarias que o resto da poboación, un 6,1%, fronte a un 5,4%, a pesar de ter un maior número de contratos a tempo parcial. A isto hai que engadirle que se

se analiza o número de persoas que realizan horas extras, o 27% son menores de 35 anos.

Os traballadores e traballadoras de 25 a 34 anos perciben salarios un 22% inferiores ao resto de idades

Ao final, todas estas variables tradúcense en precariedade laboral e en salarios máis baixos. De feito, as mozas e os mozos galegos, entre 25 e 34 anos, perciben salarios un 22% inferiores ao resto de idades.

Ademais, entre o 2010 e o 2016 as persoas entre 25 e 34 anos viron reducido o seu salario nun 6,2%, mentres que no conxunto de idades neste mesmo período medrou o 4,2%.

Conclusións: A precariedade no emprego xuvenil

Ante os datos expostos, non podemos senón cualificar a situación do mercado laboral da xuventude en Galicia como precario, inestable e sen dereitos. A precariedade é un conxunto de condicións que determinan unha situación de desvantaxe ou desigualdade caracterizada por:

- Curta duración dos contratos.
- Elevados índices de temporalidade.
- Reducións de xornadas non desexadas.
- Brecha xeracional.
- Exceso de horas extras, con ou sen remuneración, case sempre de realización obrigatoria.
- Riscos para a saúde laboral, debido á falta de formación e información.

Vemos como estas variables definen perfectamente a situación actual do mercado de traballo das mozas e mozos galegos, segundo os datos analizados neste informe.

O alto nivel de desemprego e a mala calidade do emprego son os principais trazos que definen a precariedade laboral da xuventude. As políticas de emprego que se viñeron desenvolvendo foron deficientes, e a posta en marcha da garantía xuvenil non está a ter os efectos esperados, sobre todo, cando se sinala que se ofrecerá á xuventude un emprego de calidade.